

**En Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2009**

## **REUNIDOS**

**Dunha parte D. José Manuel Pinal Rodríguez, director xeral de centros e recursos humanos, en nome e representación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e,**

**Doutra parte, as organizacións sindicais asinantes ao final do presente documento,**

**Sobre os agrupamentos do alumnado de educación infantil e primaria para os efectos de constitución de unidades**

## **ADOPTAN O SEGUINTE PREACORDO**

**Primeiro.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará anualmente o número de unidades e postos de traballo dos centros de Educación Infantil, Educación Infantil e Primaria e Educación Primaria.**

**Segundo.- Cando teña que agruparse alumnado de diferentes niveis, cursos ou ciclos de educación infantil e de educación primaria, para**

**determinar o número de unidades aplicaranse os criterios que se establecen nos apartados seguintes, agás nos supostos excepcionais como os das escolas unitarias, a ubicación dos centros ou outras circunstancias aconsellen unha actuación diferente. Estes supostos excepcionais serán analizados e negociados nas Xuntas de Persoal.**

**Terceiro.- Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente ao mesmo ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a catorce.**

**Cuarto.- Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente a distinto ciclo nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a doce.**

**Quinto.- Poderase agrupar o alumnado de Educación Primaria pertencente a toda a etapa nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a dez.**

**Sexto.- Poderase agrupar o alumnado de Educación Infantil e de Educación Primaria cando nunha mesma unidade o número sexa igual ou inferior a dez.**

**Sétimo.- Poderase agrupar o alumnado de Educación Infantil pertencente a diferentes niveis nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a 14.**

**Oitavo.- Poderase agrupar o alumnado de Educación Infantil de diferentes niveis cando inclúa alumnado de tres anos nunha mesma unidade e o número sexa igual ou inferior a doce alumnos.**

**Noveno.- Para os efectos do establecido nos apartados anteriores computará o alumnado repetidor.**

**Décimo.- Os centros que escolaricen alumnado con necesidades educativas específicas serán analizados e negociados nas Xuntas de Persoal.**

**Décimo primeiro.- As supresións das escolas unitarias serán analizadas e negociadas nas Xuntas de Persoal.**

**Décimo segundo.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ofertará formación específica para o profesorado que imparta docencia a alumnado de diferentes idades.**

**Décimo terceiro.- Aos efectos de non suprimir unidades nos centros educativos de educación infantil, educación infantil e primaria e educación primaria o presente acordo será xa de aplicación para o próximo curso académico 2009-2010.**

**Décimo cuarto.- A creación das novas unidades de educación infantil e de educación primaria derivadas da aplicación do presente acordo realizarase progresivamente e de forma proporcional nos cursos académicos 2009-2010 e 2010-2011, de tal xeito que a súa aplicación estará rematada ao inicio do curso 2010-2011.**

**Das unidades que teñan que crearse por aplicación do presente acordo, o 50 por 100 realizarase no curso académico 2009-2010, dando prioridade ás que teñan un maior número de alumnado.**

**Décimo quinto.- Comisión de seguimento.**

**Coa finalidade de asegurar a correcta aplicación e interpretación do presente acordo, constituirase unha comisión de seguimento formada por representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das Organizacións Sindicais asinantes do mesmo. Esta comisión reunirse por solicitude de calquera das partes e, como mínimo, unha vez ao ano, durante o mes de maio, con carácter previo a**

**que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elabore a proposta de unidades dos centros de educación infantil, infantil e primaria e educación primaria para o seguinte curso académico.**

***POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA***

***Asdo: José Manuel Pinal Rodríguez***

***POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS***

***POR CC.OO***

***POR FETE-UGT***

***Asdo: José M. Fuentes Fariña***

***Asdo: Raúl Gómez Farto***

***POR ANPE***

***POR STEG***

***Asdo. Julio Díaz Escolante***

***Asdo: Inmaculada Cortón Tesouro***